

Apa Liceo

CAMPIONATO PROVINCIAL ECOLAR DE ORIENTACIÓN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE ACEA DA MA CULLEREDO-A CORUÑA (XOVES 16 DE ABRIL DO 2015)

REGULAMENTO DEPORTIVO E DE SEGURIDADE

1. PARTICIPANTES

Poderán participar neste campionato todos os rapaces/zas en idade escolar nas categorías Infantil e Cadete masculino e feminino, inscritos previamente no programa Xogade (www.deporteescolargalego.com).

2. INSCRICIÓNS

Até as **14 horas do venres día -10 de abril/2015**, a través do programa Xogade, e confirmando participación no Servizo de Deporte da Coruña (deportes.coruna@xunta.es), e remitindo os mesmos ao clube APA LICEO LA PAZ email: apaliceo@yahoo.com.

3. ACREDITACIÓN

A acreditación dos participantes realizarase na zona de concentración, a partir das 9:30 horas.

Documentación a presentar: ficha de Xogade, D.N.I., ou Pasaporte .

4. CATEGORÍAS

A competición disputarase nas categorías:

- ✓ feminina (INFANTIL 2002-2001 e CADETE 2000-1999)
- ✓ masculina (INFANTIL 2002-2001 e CADETE 2000-1999)

5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Realizárase unha carreira a pé por categoría na modalidade individual diurna, con visita obligatoria dos controis na orde indicada.

O gañador será o corredor que invirta menos tempo en rematar o percorrido correctamente.

Categoría Damas cadete: 1.8 Km e 13 puntos de control

Categoría Homes cadete: 1,8 Km e 13 puntos de control

Categoría Infantil Damas: 1,2 Km e 11 puntos de control

Categoría Infantil Homes: 1,2 Km e 11 puntos de control

Os tempos dos gañadores estarán entre os 15 e 20 minutos .

O número de controis e orientativo

6. CLASIFICACIÓNS

Establecerase unha clasificación individual para cada categoría.

7. PREMIOS

Entregaranse medallas de ouro, prata e bronce, ós tres primeiros clasificados das categorías INFANTIL e CADETE, nas categorías masculina e feminina

8. MAPA E TERREO

Elaborado por *Javier Arufe e Natalia Pedre*, e revisado en febrero de 2012 por Iván Mera , rexistrado na FEDO co número C-280. Realizado para todos os percorridos en escala 1:4000 e equidistancia de 2m. entre as curvas de nivel.

El trazado discurre por zonas en xeral despexadas con presenza de pequenos bosques limpos, con escaso desnivel.,

O zona de competición atópase totalmente vaiada, polo que resulta practicamente imposible sairse da zona de competición.



Percorridos realizados por *Iván Mera García*.


9. NORMAS TÉCNICAS

- A saída é «con chamada», e o corredor debe estar na saída 3 minutos antes da súa hora asignada.
- Realizarase co sistema de pinza tradicional.
- O mapa entregarase na saída, e será responsabilidade de cada corredor comprobar que corresponde á súa categoría.
- O intervalo de saída entre dous corredores consecutivos da mesma categoría será, preferentemente, de 2 minutos.
- A hora de saída asignada será válida aínda que o corredor a tome con retraso.
- Fíxase un tempo máximo dunha hora para todos os percorridos. Transcurrido ese tempo, o participante quedará descalificado, e deberá regresar inmediatamente á zona de meta.
- O percorrido será realizado obrigatoriamente na orde indicada.
- Está prohibido o uso de zapatillas con cravos.
- Todo corredor que abandone a proba deberá dirixirse ó control de meta e entregar o seu mapa.
- Poderán ser descalificados os corredores que cometan irregularidades antes, durante o despois da proba.
- Está prohibida a asistencia entre corredores, agás en caso de accidente, pois aquí é obligatoria.
- Os corredores deberán realizar a proba en silencio.
- Queda prohibido adestrar na zona de competición dende a publicación do presente Regulamento.

10. NORMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS E SEGURIDADE

- Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.

- Lémbrese especialmente que os corredores deben respetar en todo momento as normas de circulación relativas aos peóns, debendo transitar obrigatoriamente polas aceras e cruzar as estradas polos pasos de peóns.



Apa Liceo

- Efectuada a avaliación dos riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente sobre o seguinte:

11. INDICACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ESTA PROBA.

- Hai una zona asfaltada polo que circulan vehículos para acceso a piscina e demais instalación, nos marxenes dela están as zonas adicadas ao aparcadoiro, nas que debemos estar atentos.

12. COMITÉ DE COMPETICIÓN

O Comité de Competición estará formado por tres membros (O director da proba: **Iván Mera García**, o Coordinador do deporte escolar da AGACO: **Alberto Tabernero Reboredo** e un membro dos Servizos Provinciais do Deporte Escolar. O Comité de Competición resolverá as posibles reclamacións relativas ó presente Regulamento, segundo as súas normas e as normas vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia para o deporte das carreiras de orientación.

13. CÓMO CHEGAR

A XORNADA TERÁ LUGAR NO parque de Acea da Ma, concello de Culleredo, A Coruña. A dirección do parque é a seguinte: avenida de Rutis, s/n, 15670 Culleredo (A Coruña).

As coordenadas UTM del parking son: zona **29T,550525, 4796075**.

Na seguinte imaxe pódese ver o percorrido aconsellado si se accede na dirección A Coruña pola autopista AP-9. Hai que tomar a saída número 7, que se indica como “O Temple, O Burgo, San Pedro de Nós, Aeroporto”. Ao chegar a rotonda final da autopista, hai que tomar a saída da esquerda e cruzar a ponte sobre a Ría do Burgo. Se trata da carretera AC-211. Despois de subir unha cuesta e cruzar unha zona urbá, durante uns 400m, chegase a una rotonda na que se tomará a saída da esquerda (esta rotonda é a cuarta en total, incluída a da saída da autopista). Se continúa recto e casi ao final desa avenida está a entrada do parque, a dereita.

14. ANEXO I (HORARIOS PROBA)

PROGRAMA DO DÍA 16/04/2015

9:30 Chegada das delegacións e acreditacións, zona de saída

10:30 Saída dos primeiros corredores

12:30 Entrega de medallas e clausura


15. ZONA DE SAÍDA

- 2 Xuíces de saída (APA Liceo)
- 2 responsables acreditación (APA Liceo)
- Arco de saída (Cocacola)
- Dorsais para corredores (deporte escolar)
- Reloxio oficial homologado de saídas (Agaco)
- Mapas (APA Liceo)
- Plásticos para mapas (APA Liceo)
- Cestas para mapas (APA Liceo)
- Grapadoras (APA Liceo)

- Estacas para delimitación zonas de paso (APA Liceo)
- Cinta de Balizar (Xunta)

16. ZONA DE CARRERA

- 2 cartógrafos (APA Liceo)
- 1 trazador de recorridos (APA Liceo)
- 3 colocadores de balizas (APA Liceo)
- 1 avaliador de riscos: unha persoa (APA Liceo)
- 2 persoas como persoal auxiliar habilitado de seguridade (APA Liceo)
- Traballo de campo para elaboración do mapa (APA Liceo)
- Balizas (APA Liceo)
- Soportes de balizas (APA Liceo)
- Pinzas auxiliares (APA Liceo)
- Balizas «checas» (APA Liceo)



17. ZONA DE CHEGADA

- 2 técnicos de control de tarxetas (APA Liceo)
- 2 xuíces de meta (cronometradores) (APA Liceo)
- Arco de meta (Coca-Cola)
- Estacas para delimitación zonas de paso (APA Liceo)
- Podio (APA Liceo)
- Medallas (Xunta, deporte escolar)
- Toma de corrente (Aquama)

18. CENTROS DE ASISTENCIA SANITARIA

En caso de lesión ou accidente deportivo, deberán presentar no centro de asistencia o parte de accidentes de **ADESLAS** debidamente cumprimentado, que poderán sacar na páxina Web de Xogade www.deporteescolargalego.com, e acudir a un dos seguintes centros médicos:

* HOSPITAL QUIRÓN (antes Santa Teresa)

C/ Londres, 2-
15009-A Coruña Tel.: 981/21.98.00

SANATORIO QUIRÚRGICO MODELO

Virrey Osorio, nº 30
A Coruña – Teléf.:981/14.73.00

* SANATORIO QUIRÚRGICO SAN RAFAEL

C/ As Jubias, nº 82
15006 – A Coruña Tel.: 981/17.90.00